



PROPOSTA DE PRIORIZACIÓN DOS COLECTIVOS DOCENTES E NON DOCENTES DOS CENTROS EDUCATIVOS PARA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN CONTRA A COVID-19

Despois da deliberación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, na xuntanza celebrada no día de hoxe, 25 de febreiro de 2020, chegan ao acordo de establecer a seguinte proposta de priorización na vacinación do persoal docente e non docente dos centros educativos, para a súa remisión á Consellería de Sanidade aos efectos de facilitar a aplicación do proceso de vacinación e en función do final criterio sanitario e de dispoñibilidade de unidades das vacinas .

A) COLECTIVO DE PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE DOS CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN MAIOR DE 55 ANOS POLA SEGUINTE ORDE:

- Educación Especial
- Educación Infantil
- Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe
- Persoal coidador, persoal educador, persoal intérprete de linguaxe de signos, persoal sanitario
- Educación Primaria
- Persoal de Conservatorios e ESAD
- Persoal de Secundaria (ESO, BACH e FP)





- Restante persoal de ensinanzas especiais

- Persoal subalterno, cociña e limpeza
- Inspección, CAFI, Centros de Formación e Recursos, CREDOS, Persoal liberado sindical,

B) PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE DOS CENTROS PRIVADOS

- Mesma prioridade que a establecida no apartado anterior

C) AUXILIARES DE CONVERSA

D) PERSOAL NON DOCENTE DEPENDENTE DOS CENTROS EDUCATIVOS CON RELACIÓN LABORAL COA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E COS CONCELLOS.

- O persoal non docente que non estea incluído no punto primeiro

E) OUTROS COLECTIVOS

- Persoal colaborador de comedor
- Por último, é preciso sinalar unha serie de consideracións a ter en conta neste proceso de vacinación:

* Todo o profesorado do ensino público de 55 anos ou de menor idade, xa en proceso de vacinación, está a ser convocado sen ter en conta os criterios de prioridade fixados para o resto dos colectivos do presente documento.





* Todas as persoas que estean de baixa médica por IT, seguindo as indicacións da Consellería de Sanidade, serán convocados para a súa vacinación, a partir da súa incorporación ao seu posto de traballo.

* O criterio indicado no parágrafo anterior tamén se aplicará a quen estea gozando de determinados permisos (baixa maternidade...), dunha excedencia con reserva de posto de traballo ou estea en servizos especiais.

* Todas as persoas que sexan contratadas con posterioridade para cubrir substitucións ou interinidades serán incorporadas á campaña de vacinación.

* A Consellería de Cultura, Educación e Universidade remitirá periodicamente á Consellería de Sanidade todas as novas incorporacións indicadas anteriormente co obxecto de garantir a completa vacinación de todo o persoal dos centros educativos.

* No caso de que se produzan incidencias ou imprevistos derivados de causas de forza maior que impidan a vacinación dunha persoa convocada, poderá comunicarllo á dirección do seu centro quen as trasladará a Consellería de Cultura, Educación e Universidade no modelo que se achegará, a unha dirección de correo electrónico habilitada ao efecto. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade trasladará esta información á Consellería de Sanidade segundo o procedemento acordado.

Santiago de Compostela,
O Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López

